

Criterios avaliación QUIMICA

12.7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

12.7.1. Criterios de avaliación e cualificación.

O curso está dividido en tres avaliacións. En cada unha delas, o alumnado deberá facer probas escritas relativas ós contidos correspondentes nas cales pode haber teoría, cuestións e problemas.

- As cuestións deberán contestarse razoadamente e o non facelo conlevará unha puntuación de cero no apartado correspondente.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos a seguir, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe química.
- Os erros graves de concepto conlevarán a anular o apartado correspondente
- Os problemas deberán ser comentados nos seus diferentes pasos e os resultados acompañados das unidades correspondentes. Os erros nas unidades ou ben o non poñelas descontarán un 25% da nota do apartado .
- Un erro no cálculo considerase leve e descontarase o 25% da nota do apartado
- A cualificación terá en conta non só a resolución correcta e a resposta, senón tamén o plantexamento e os comentarios.
- Os apartados que esixen a solución dun apartado anterior calificaránse independentemente do resultado do devandito apartado.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun 0, se non se é capaz de ver de onde saíu dito resultado.
- A materia de cada avaliación dividirase en dous exames: un parcial e un exame de avaliación. O parcial será o 40% da nota total das probas escritas, e o exame de avaliación o 60%..
- Considerarase positiva a cualificación de cada avaliación cando se obteña una nota igual ou superior a 5 puntos. Se unha proba escrita está puntuada con menos de 3 puntos non será compensada pola nota da outra proba e será necesario recuperala, mediante un exame dos contidos correspondentes.

- Farase unha recuperación de cada avaliación para aqueles alumnos que non acaden un 5 na súa cualificación, podendo presentarse a dita recuperación os alumnos que desexen mellorar a súa nota.

-Valoraranse ademais o traballo diario, o traballo e cumprimento das normas de seguridade no laboratorio, así como os informes das prácticas realizadas. A contribución de cada aspecto a valorar na nota final da avaliación será a seguinte:

- 80%: promedio dos resultados das probas escritas (exames de avaliación e/ou recuperación)
- 20%: promedio dos resultados dos proxectos, traballos, laboratorio. Para a avaliación deste 20% terase en conta:
 - 10%: Traballo individual de clase e boletíns para entregar.
 - 10%: Traballos grupais e laboratorio.

- A cualificación final obterase como a media das cualificacións das 3 avaliacións. Será positiva sempre e cando teña unha nota igual ou superior a 5 puntos e polo menos dúas avaliacións están aprobadas.
- O alumnado que non acade una puntuación igual ou superior a cinco puntos despois da valoración final global nunha ou dúas avaliacións, terá a oportunidade de superar a materia mediante una proba das partes non superadas que se desenvolverá no último mes de curso. Se ten as 3 avaliacións suspensas non fará a recuperación e deberá examinarse na convocatoria de setembro.
- O alumnado que non supere a materia durante o período ordinario, poderá realizar a proba extraordinaria de setembro dos contidos de todo o curso.